# SOFIA SUAREZ

Investigadora en CINTECX

*"As mulleres investigadoras achegan coñecemento e diversidade á ciencia, impulsando o seu avance en beneficio de toda a sociedade."*



*Investigo sobre enxeñaría biomédica,* concretamente o modelado numérico de tecidos biolóxicos, simulación de próteses e implantes, e desenvolvemento de técnicas para a análise biomecánica.

*A investigación é o meu camiño para innovar e desenvolver solucións útiles para a sociedade.* Explorar alternativas ao convencional e descubrir novas ferramentas que nos permitan resolver os desafíos actuais, sen temor ao descoñecido nin ao fracaso.

*O meu traballo contribúe activamente ao desenvolvemento de novos dispositivos biomédicos empregados en cirurxía ou rehabilitación.* Co modelado numérico de tecidos e os modelos de simulación somos capaces de comprobar o funcionamento das próteses antes de seren implantadas no paciente. Co desenvolvemento de técnicas e dispositivos para análise biomecánica somos capaces de dotar de ferramentas de medición e avaliación a rehabilitadores e profesionais deportivos.

*Ás mozas diríalles que a investigación dálles a oportunidade de explorar novas ideas* e cambiar a nosa realidade.